



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZASETE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

**Expte: 2025/G007/000020**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día 17 de xuño de dous mil vinte e cinco, reúnense en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 350 de data 16 de xuño/2025 e baixo a Presidencia do sr. Alcalde Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, dona Tamara Sabín Caamaño e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste por causas xustificadas don Benito Manuel Vega Fernández.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 03.06.2025 (ORDINARIA).-**

O alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 03.06.25 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

### **2º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-**

#### **.- Licenza de reorganización de parcelas.-**

#### **“Proposta de Alcaldía para Licenza de Reorganización de Parcelas.**

**Expte 09/2024**

**Tedec 2024/U018/000009**

.- Expte. de reorganización de parcelas (exp. 09/2024).- [REDACTED] e outros (representado por [REDACTED]) - Para licenza de **reorganización de parcelas (agrupación e segregación)** sitas na Rúa Praia Frouxeira, parroquia de Valdoviño, no Concello de Valdoviño, segundo a documentación presentada:

- Proyecto de parcelación urbanística de novembro de 2024, redactado por él arquitecto Francisco Javier Cernadas Veiga y aportado al expediente él 26/11/2024.

- Proyecto de parcelación urbanística completo (mod) I y II de mayo de 2025, redactado por él mismo arquitecto y aportado él 22/05/2025. Sustituye al anterior.
- Proyecto de parcelación urbanística completo (mod) I (revisado) de mayo de 2025, redactado por él mismo arquitecto y aportado él 28/05/2025. Sustituye al (mod) I anterior.

As parcelas obxecto deste proxecto teñen as referencias catastrais nº 8490905NJ6289S0001OZ, 8490906NJ6289S0001KZ, 8490907NJ6289S0001RZ, 8490908NJ6288N0001DL e 8490909NJ6288N0001XL.

Os Lotes Resultantes son:

PARCELAS	SUPERFICIE TOTAL	CLASIFICACIÓN SUELO	SUPERFICIES PARCIALES	
PARCELA RESULTANTE 1	1.247 m <sup>2</sup>	Suelo Urbano	Sup. parcela Bruta	1.247 m <sup>2</sup>
			Sup. parcela Neta	1.044 m <sup>2</sup>
			Sup Cesión viales	203 m <sup>2</sup>
PARCELA RESULTANTE 2	1.106 m <sup>2</sup>	Suelo Urbano	Sup. parcela Bruta	1.106 m <sup>2</sup>
			Sup. parcela Neta	1.009 m <sup>2</sup>
			Sup Cesión viales	97 m <sup>2</sup>
PARCELA RESULTANTE 3	1.373 m <sup>2</sup>	Suelo Urbano	Sup. parcela Bruta	1.373 m <sup>2</sup>
			Sup. parcela Neta	1.015 m <sup>2</sup>
			Sup Cesión viales	358 m <sup>2</sup>
PARCELA RESULTANTE 4	1.680 m <sup>2</sup>	Suelo Urbano	Sup. parcela Bruta	1.680 m <sup>2</sup>
			Sup. parcela Neta	1.183 m <sup>2</sup>
			Sup Cesión viales	497 m <sup>2</sup>

Considerando o **informe do arquitecto municipal de data 09 de xuño de 2025**, no que conclúe que o proxecto de reorganización de parcelas é viable segundo a normativa en vigor e polo tanto **FAVORABLE**.

E visto **informe xurídico da secretaria municipal de data 09 de xuño de 2025**, emitido igualmente en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.- Conceder** a licencia a [REDACTED] e outros para a **reorganización de parcelas (agrupación e segregación)** sitas na Rúa Praia Frouxeira, parroquia de Valdoviño, no Concello de Valdoviño, nas parcelas con referencias catastrais nº 8490905NJ6289S0001OZ, 8490906NJ6289S0001KZ, 8490907NJ6289S0001RZ, 8490908NJ6288N0001DL e 8490909NJ6288N0001XL segundo a documentación presentada e coas condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: **CONDICIÓN DA LICENZA**) de data **09 de xuño de 2025**, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Segundo.-** Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de **648,72 €**.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo aos solicitantes cos recursos que procedan.

**Cuarto.-** Dar traslado do presente acordo aos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

**/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO ALCALDE DON ALBERTO GONZALEZ FERNANDEZ NA DATA INDICADA Á MARXE/”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/U018/000009).**

**3º.-APROBAR A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO PROGRAMA II DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS PARA O FINANCIAMENTO DE ACTIVIDADES DE ENVELLECIMENTO ACTIVO E ACTUACIÓNS DE LOITA CONTRA A SOIDADE NON DESEXADA NO ANO 2025 (FOAC-2/2025), NÚM. DE EXPEDIENTE 2025/A003/000023.-**

**“PROPOSTA DE ALCALDIA PARA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A ADHESIÓN AO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS E OUTRAS ENTIDADES LOCAIS PARA FINANCIAR ACTIVIDADES DE ENVELLECIMENTO ACTIVO E ACTUACIÓNS DE LOITA CONTRA A SOIDADE NON DESEXADA NO ANO 2025 (FOEAC/2025)**

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de presentar a solicitude do Programa II de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar actividades de envellecemento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada no ano 2025, e visto o informe dos Servizos Sociais municipais que a continuación se detalla,

Paula Fernández Dopazo, Traballadora Social do Concello de Valdoviño (Colexiada 2116) en relación coa convocatoria do Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar actividades de envellecemento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada no ano 2025

**INFORMO:**

Mediante resolución de Presidencia da Deputación de A Coruña, aprobáronse as Bases reguladoras do Programa II de Subvencións a Concellos e outras entidades locais para financiar actividades de envellecemento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada no ano 2025: “Bases reguladoras, en réxime de concorrencia, do programa de subvencións a Concellos e outras entidade locais para financiar actividades de envellecemento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada no ano 2025 (FOEAC-2/2025) – (BOP número 100 de 28 de maio de 2025).

Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación número 39048 do 1 de outubro de 2024 (BOP número 190, mércores, 2 de setembro de 2024).

Este programa convócase ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, e do Decreto 148/2014 polo que se modifica.

O citado decreto establece no artigo 31:

- “1. As deputacións provinciais, de conformidade co previsto no artigo 109.1.b), da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos e agrupacións de concellos,

especialmente aos de menos de 20.000 habitantes, na implantación e xestión dos servizos sociais comunitarios municipais.

- 2. De conformidade co artigo 63 da Lei de servizos sociais de Galicia, as deputacións provinciais proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de 20.000 habitantes.”

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación da Coruña, que foi aprobado mediante acordo plenario número 13 do 27 de setembro do 2024, e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan.

O obxecto do programa FOEAC-2/2025 é a asistencia económica ás entidades locais de entre 5.000 e 10.000 habitantes, co fin de contribuír ao financiamento das actividades de envellecemento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada.

Este programa asume a definición de envellecemento activo da Organización Mundial da Saúde (OMS 2002), como “o proceso de optimización das oportunidades de saúde, participación e seguridade, co fin de mellorar a calidade de vida a medida que as

persoas envellecen”, identificando catro piares fundamentais do envellecemento activo: manter un bo estado de saúde, a seguridade e a protección, o dereito de participación na sociedade e a aprendizaxe ao longo da vida para ter coñecementos e xerar vínculos.

Asúmese a definición de soidade non desexada do Observatorio Estatal da Soidade non desexada como “a experiencia persoal negativa na que un individuo ten a necesidade de comunicarse con outros e percibe carencias nas súas relacións sociais, ben sexa porque ten menos relación da que lle gustaría ou porque as relacións que ten non lle ofrecen o apoio emocional que desexa”.

O importe da subvención solicitada será por importe máximo de 7.000,00 €. No caso de ter crédito dispoñible poderá ser incrementado.

Poderá solicitarse subvención para o desenvolvemento dun proxecto de intervención social comprendido por unha ou varias actividades, dirixidas a persoas maiores de 60 anos cuxa finalidade sexa fomentar o seu benestar físico, emocional e social.

Poderán ser actividades desenvolvidas en espazos de uso público de forma individual e/ou grupal, así como actividades no domicilio das persoas usuarias. Neste último caso, admítense, entre outras as atencións de carácter complementario do servizo de axuda no fogar (SAF) de servizo de fisioterapia e terapia ocupacional.

As actividades do proxecto de intervención social deberán encaixarse dentro das que se citan a continuación. A Sección de Servizos Sociais da Deputación da Coruña, previa valoración da solicitude polo equipo técnico, poderá requirir a modificación da selección das actividades elixidas en virtude dunha maior exactitude e consonancia

EA-1 Actividades para a prevención do deterioro físico.

EA-2 Actividades para a prevención do deterioro mental e estimulación cognitiva.

EA-3 Outras actividades para o fomento da saúde e da calidade de vida.

EA-4 Actividades para a elaboración e execución de Plans locais de loita contra a soidade non desexada.

EA-5 Actividades interxeracionais.

EA-6 Actividades de acción voluntaria (as persoas destinatarias do proxecto poden ser as receptoras ou as que executen a acción voluntaria).

As actividades que se subvencionen conforme a esta convocatoria serán as que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.

Son gastos subvencionables, os seguintes:

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan Xeral de Contabilidade
-------	--

600	Compra de bens destinados á actividade (material funxible)
623	Servizos de profesionais independentes
624	Transportes (contratación transporte para usuarios/as)
627	Publicidade e propaganda
629	Comunicacións e outros servizos
640	Soldos e salarios
642	Seguridade Social a cargo da entidade
653	Compensacións de gastos por prestacións de colaboracións (indemnizacións ao voluntariado e outros/as colaboradores/as por gastos de transporte, comida, vestiario, etc específicos do programa)

## PROPOÑO

Á Xunta de Goberno Local que se acorde a presentación da solicitude do Programa II de subvencións a concellos e outras entidades locais para o financiamento de actividades de envellecemento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada no ano 2025 (FOEAC-2/2025) por importe de 7.000 euros.

Para que conste aos efectos oportunos, asino electronicamente na data indicada á marxe.

O Alcalde  
Alberto González Fernández”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/A003/000023).**

**4º.- APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, INSTADA POR DON JUAN CARLOS ALONSO RODRIGUEZ, NÚMERO DE EXPEDIENTE 2025/R002/000002.-**

### “Proposta de Alcaldía

Expte. 2025/R002/000002

Vista a instancia de don [REDACTED] formulada en data 5 de xuño de 2025, rexistro xeral de entrada núm. 202500000000990 pola que solicita que se lle conceda a licenza municipal para a tenza de animais potencialmente perigosos, e examinada a documentación que adxunta á mesma, así coma comprobado o padrón municipal de habitantes, no que aparece inscrito.

Tendo en conta pois, que a solicitante, atópase empadroada neste concello, e que se aporta toda a documentación requirida na normativa que regula a tenza de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, que consta no expediente da súa razón.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de Goberno local, a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Conceder a licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos a don [REDACTED] dunha cadela de raza Pitbull con número de chip 941010001234109 e cunha validez de CINCO ANOS dende a data da notificación, debendo ser renovada ao remate de cada período de validez, previa xustificación de que se seguen cumprindo os requisitos que se esixiron á interesada como documento acreditativo desta concesión.

**Segundo.-** O animal deberá ser identificado cun “microchip”, susceptible de ser lido mediante un equipo lector específico para poder ter localizado ao animal en todo momento.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos oportunos. Coa notificación entregaráselle un dorso á interesado, onde constan as obrigas que deben de cumprir os titulares da licenza; e realizar os demais trámites precisos derivados do acordo.

*ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE NA DATA INDICADA A MARXE”*

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/R002/000002).**

**5º.- APROBAR A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O “APOIO , PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DAS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA”.-**

“Vista a *RESOLUCIÓN* do 2 de maio de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (codigo de procedemento TU500A)” publicada no DOG núm. 103 do luns 2 de xuño de 2025.

#### **PROPONSE**

Participar en dita convocatoria para para promoción e difusión do evento “ABANCA Pantín Classic Galicia Pro” declarado festa de interese turístico de Galicia –“*RESOLUCIÓN* de 24 de mayo de 2016 por la que se ordena la publicación del Acuerdo del Consello de la Xunta de Galicia de 19 de mayo de 2016, por el que se declara fiesta de interés turístico de Galicia el Pantín Classic Galicia Pro (A Coruña)” e ,

**SOLICITAR** a subvención para o APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DAS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA” (máximo da axuda 4.000,00 euros) e a contribución dunha achega económica da entidade ABANCA a través da mesma convocatoria de subvención (máximo de axuda 1.500,00 euros), así como,

**FINANCIAR** o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro da convocatoria ata o importe total da execución prevista.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 16 de MAIO de 2025.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández. ”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita.**

**6º.-ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e trinta minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria municipal, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria e polo alcalde/*